

HISTORIA DA FILOSOFÍA

Avaliación dos exercicios: análise, 4 puntos; 1ª cuestión, 3 puntos; 2ª cuestión, 3 puntos. (O alumno elixirá dúas cuestións das tres propostas)

OPCIÓN 1

“Que tamén as entidades (substancias) –e todo aquilo que é absolutamente- xéranse a partir dalgún suxeito, resultará claro para quen observe con atención. Sempre, desde logo, hai algo que é suxeito, a partir do cal se xera: por exemplo, da semente xéranse as plantas, e os animais. E as cousas que se xeran absolutamente, unhas xéranse por transformación, como a estatua a a partir do bronce; outras xéranse por adición, como as cousas que crecen; outras por substracción como a estatua de Hermes a partir das pedras; outras por composición, como a casa, e outras, en fin, por alteración, como as que se modifican na súa materia. E é evidente que todas as cousas así xeradas xéranse a partir dun suxeito (materia).

ARISTÓTELES, *Física*, I, 7.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. Enumera e explica as distintas modalidades de **causas** en Aristóteles.
3. Exposición da **Teoría Hilemórfica** e súa aplicación ó ser humano.
4. Orixe da sociedade e formas de goberno, en Aristóteles.

OPCIÓN 2

“Se chamamos **sensibilidade** á **receptividade** do noso espírito, ó poder que ten de recibir representacións en cuanto é afectado dalgunha maneira, deberemos chamar en cambio **entendemento** á facultade de producir nós mesmos representacións, ou á **espontaneidade** do coñecemento.

Ningunha destas dúas propiedades é preferible á outra. Sen a sensibilidade, non nos sería dado ningún obxecto, e sen o entendemento, ningún obxecto sería pensado. Os **pensamentos** sen contido son vacíos, as **intuicións** sen conceptos son cegas”

KANT, E., *Crítica de la razon pura*, I.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. Posición de Kant respecto do **Racionalismo** e do **Empirismo**.
3. Explica o significado dos **xuízos sintéticos a priori**.
4. Significado de **Heteronomía**, **Imperativo hipotético**, **Imperativo categórico**.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

Avaliación dos exercicios: Análise, 4 puntos; 1ª cuestión, 3 puntos; 2ª cuestión, 3 puntos. (O alumno elixirá dúas cuestións das tres propostas).

OPCIÓN 1

“Así pois, ten por certo que o que lles comunica aos obxectos coñecidos a verdade, e á alma a facultad de coñecer, é a idea de ben. Comprende que esta idea é a causa da ciencia e da verdade, na medida en que entran no coñecemento. E por fermosas que sexan a ciencia e a verdade, non errarás se pensas que a idea do ben é distinta delas e que as supera en beleza. En efecto, igual que no mundo visible temos razón ao pensar que a luz e a vista teñen analoxía co sol, e sería insensato dicir que son o sol, tamén no mundo intelixible debemos ver que a ciencia e a verdade teñen analoxía co ben. Pero erraríamos se tomásemos a unha e a outra polo ben mesmo que é un valor moito máis elevado”.

PLATÓN, *República*, VI, 508 c.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. ¿Cómo explica Platón a relación entre o mundo visible e o invisible?
3. Analiza que son a alma e o corpo e as relacións que se establecen entre eles.
4. Explica as formas de goberno en Platón, a partir dos distintos modos da alma.

OPCIÓN 2

“Aínda que a terra e todas as criaturas inferiores sirvan a todos os homes en común, non é menos certo que cada home ten a propiedade de ser persoa. Ningunha, con excepción do mesmo, ten dereito sobre ela. Tamén podemos asegurar que o esforzo do seu corpo e a obra das súas mans son autenticamente seus. Polo tanto, sempre que calquera arrinque unha cousa do estado en que a creou e a deixou a Natureza, puxo algo do seu esforzo nesa cousa, engadiu algo que é exclusivamente seu; e por iso a converteu na súa propiedade. O ser que a separou da condición común na que a Natureza situou esa cousa, engadiulle a esta, por medio do seu esforzo, algo que elimina dela o dereito común dos demais”.

LOCKE, J., *Ensaio sobre o goberno civil*, cap.IV.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. Partindo de que “a experiencia é a única fonte de coñecemento”, desenvolve a **teoría das Ideas** en Locke.
3. ¿Que é para Locke a **sustancia**? ¿Coincide Locke con Aristóteles ou Kant na súa idea de sustancia?
4. ¿En que consiste o **Liberalismo político** de Locke? ¿Con que finalidade se unen na sociedade os seres humanos mediante un “**pacto social**”?

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1. Con carácter xeral:

Os que figuran no Deseño Curricular Base da materia. É necesario destacar, en especial, os seguintes:

a) Analisa-lo contido dun texto filosófico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos, e conclusións).

b) Interpretar un texto filosófico sinalando, por un lado, a relación entre o problema que formula o autor e o contexto teórico e social da época e, por outro, diferenciando as propostas que contén doutras posibles posicións sobre o mesmo tema.

c) Ordenar e situar cronoloxicamente as diversas interpretacións filosóficas estudadas, relacionándoas unhas coas outras, sinalando as súas similitudes e diferencias e recoñecendo a permanencia e a historicidade das propostas filosóficas.

2. Con carácter específico:

a) O alumno, mediante a análise, fará explícita a estrutura do Texto, indicando a **idea principal ou tese**, os argumentos que a sustentan e as súas conclusións. Sinalará igualmente as **ideas secundarias**, indicará os **conceptos e termos** que os denominan co seu significado no texto e histórico e contextualizará o fragmento dentro da obra do autor.

b) A resposta a cada unha das cuestións adecuarase ó os contidos do bloque a que se refira.

c) Valorarase a precisión e claridade da exposición, así como todo o que poida contribuir a mostrar contidos de **tipo actitudinal e procedemental**.

3. Puntuación: (ata un máximo de 10 puntos)

Análise de texto	4 puntos
1ª cuestión	3 puntos
2ª cuestión	3 puntos